



---

# REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO

---

## REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL *Comunicación e Xestión Cultural*

Praza da Soidade, s/n. - 27001 LUGO Telf.: 982 24 21 12 Fax: 982 240 240  
[info@museolugo.org](mailto:info@museolugo.org) / [www.museolugo.org](http://www.museolugo.org)

### CONVOCATORIA

#### **Inauguración de “Identidades e latexos” de Paula Noya**

Mañá, xoves, 11 de setembro, ás 20:00 horas, o deputado delegado de Cultura e Turismo da Deputación de Lugo, Mario Outeiro, inaugura no refectorio do MPLugo unha exposición retrospectiva titulada “*Identidades e Latexos*” da artista Paula Noya.

A mostra, comisariada por Susana Blas, propón unha viaxe “as súas identidades” a través de instalacións, fotografías, vídeos e debuxos. Un camiño construído a base de intuicións e reflexións, no que os impulsos contan tanto como o razoamento.

“*Identidades e latexos*” componse de tres partes ou propostas que converxen no proxecto global:

#### **Exposición + Ciclo de Videoarte + Rodaxe Documental DES)MEMORIAS**

##### **Exposición**

A exposición iníciase co retrato que a creadora realizou á súa avoa cando contaba só 15 anos, momento no que adoptou o apelido “Noya” en homenaxe a ela. Esta obra é clave para entender o carácter homenaxe ás mulleres que adoptan moitas das súas pezas, e que veremos tamén no documental (*Des)Memorias*.

Outro punto central da mostra é a serie de debuxos e fotografías *Cegueiras* (2012-2013), obras que invitan a vendarmos os ollos e adoptar unha cegueira elixida para observar o noso interior.

##### **Ciclo de Videoarte**

As obras videográficas que poderán verse neste ciclo son o resultado de sete anos de traballo neste campo. Comeza a proxección con *Tríptico*: tres vídeos que abordan reflexións de xénero, para continuar coas *Parcas* onde un simbólico nobelo de la percorre as estancias dunha vida feminina construída en estadios. Pecha a compilación *Cegueiras* que nos penetra na acción introspectiva de taparmos os ollos voluntariamente.

##### **Rodaxe Documental DES)MEMORIAS**



DEPUTACIÓN DE LUGO  
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura e Turismo

---



---

# REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO

---

Este documental, da autoría de Paula Noya en colaboración con Susana Blas, recolle os testemuños de distintas traballadoras culturais, que falan dos seus referentes femininos, e avoga pola necesidade de crear novas xenealoxías que recuperen o legado das mulleres.

A gravación deste documental no MPLugo realizarase este venres e sábado, 12 e o 13 de setembro, de 11 h a 14 h.

Lugo, 10 de setembro de 2014



DEPUTACIÓN DE LUGO  
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura e Turismo

---